CIG SAÚDE

DENUNCIA

O SERGAS segue sen aboar as melloras retributivas do persoal facultativo de urxencias hospitalarias

Os compromisos publícanse no DOG, pero as melloras non chegan ás nóminas.

O pasado **29 de xuño de 2026** publicouse no DOG a Orde do 23 de xuño pola que se aproban melloras laborais e retributivas para o persoal facultativo que traballa nos servizos de urxencias hospitalarias. Estas medidas recóllense nun documento presentado na Mesa Sectorial e rexeitado por todas as organizacións sindicais por consideralo insuficiente.

Entre estas medidas figura un **incremento retributivo da hora de xornada complementaria, con efectos desde o 1 de abril de 2026, e a retribución da quenda do venres como prefestiva desde a data de publicación no DOG, o 29 de xuño de 2026.**

Porén, transcorridos máis de sete meses desde a data de efectos, **o persoal segue sen cobrar este incremento nin os atrasos correspondentes.**

Desde CIG-Saúde denunciamos que non é aceptable que o SERGAS anuncie melloras, as publique oficialmente e despois deixe pasar os meses sen facelas efectivas.

O persoal cumpre co seu traballo desde o primeiro día. O SERGAS tamén debe cumprir cos seus compromisos.

CIG-SAÚDE ESIXE

- **O pagamento inmediato** do incremento retributivo pendente.
- **A regularización de todas as cantidades atrasadas** desde o 1 de abril de 2026.

As melloras retributivas non poden quedar só no papel.